



# PLAN DIGITAL

## IES Indalecio Pérez Tizón

Versión 1.0\_xuño 2022



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

<b>Nome do centro</b>	IES Indalecio Pérez Tizón
<b>Código do centro</b>	36014544
<b>Ensinanzas que imparte</b>	<p><u>ENSINANZAS DIURNAS:</u>  ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Tres liñas en 1º ESO</li> <li>● Actualmente, catro liñas en 2º ESO</li> <li>● Dúas liñas en 3º ESO (máis o grupo de PMAR).</li> <li>● Dúas liñas en 4º ESO</li> </ul> <p>Bacharelato</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Un grupo de 1º e 2º bacharelato científico-técnico</li> <li>● Un grupo de 1º e 2º bacharelato de ciencias sociais e humanidades</li> </ul> <p>FP Básica (Electricidade e electrónica)  CM de Electricidade (Instalacións electrotécnicas e automáticas)  CM de Comercio: Actividades comerciais  CS de Comercio: Xestión de vendas e espazos comerciais</p> <p><u>ENSINANZAS NOCTURNAS:</u>  ESA I e II</p>
<b>Localización</b>	<p><u>Enderezo:</u> Avenida da Concordia S/N. 36700, Tui (Pontevedra)  <u>Teléfono:</u> 886110749  <u>Páxina web:</u> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesindaleciopereztizon">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesindaleciopereztizon</a>  <u>Correo electrónico:</u> ies.indaleciopereztizon@edu.xunta.gal</p>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### 1.2.1. Contextualización

O IES Indalecio Pérez Tizón está situado no casco urbano do concello de Tui, pero o alumnado procede, maioritariamente, dos ámbitos rurais deste concello (Rebordáns, Ribadelouro, Paramos, Baldráns, Caldelas e Guillarei). Isto está determinado polos centros de primaria adscritos a este instituto (Caldelas, Rebordáns e Guillarei). O alumnado do resto das ensinanzas (Bacharelato, FP Básica, Ciclos Formativos e ESA) proceden de todas as parroquias de Tui e concellos limítrofes (especialmente, Tomiño e Salceda de Caselas).

A totalidade da poboación escolar alcanza a cifra duns 450 alumnos/as, o que implica á case saturación do centro.

O feito de que o noso alumnado habite no rural é quizais un dos problemas máis relevantes á hora de traballar dixitalmente co noso alumnado, pois á conectividade dende as súas casas é de mala calidade ou inexistente.

### 1.2.2. Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo do Centro

A misión última da docencia é acadar un ensino de calidade, innovador, con proxección exterior, que potencie a solidariedade e o traballo colaborativo, no que o alumnado desenvolva capacidades, valores e habilidades que enriquezan e favorezan a súa traxectoria académica, profesional e persoal, fomentando que os propios/as estudantes participen de forma activa e responsable para conseguilo. Este plan pretende unha mellora continua, coordinada, transparente, comprometida, competitiva e sostible, que impulse as boas prácticas, dentro do marco educativo europeo, con garantía de calidade.

O PDC supón un compromiso coa educación, coa adquisición dos valores democráticos, equidade, igualdade e coa formación global e integral da persoa.

- **Sostibilidade:**  
Buscarase unha rede na que se impulsen os tres piares da sostibilidade: a económica (unha xestión eficaz e transparente dos recursos); a social (convivencia e educación en valores); a ambiental (compromiso co respecto á nosa contorna).
- **Espírito de colaboración e traballo en equipo:**  
O obxectivo é compartir o noso coñecemento, as melloras prácticas e as innovacións.
- **Espírito crítico e transformador:**  
Fomentarase o espírito crítico dentro da rede, buscando a mellora continua e progresiva e a innovación, favorecendo o intercambio educativo.

Todos os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado, e, por esa razón, os centros debemos dar resposta a esas necesidades e demandas para poder formar a cidadáns/as do futuro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Tal e como se sinalou antes, é imprescindible formar cidadáns coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso das tecnoloxías nas diversas prácticas educativas, dende as cuestións organizativas ata as propias ou específicas do proceso de ensino-aprendizaxe, é xa ineludible, feito do que é consciente a administración, que, dende hai anos, recolle na lexislación a necesidade de educar en tecnoloxías dixitais:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

As organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación e dos recursos educativos dixitais. Así, a través deste plan se pretende:

- Avaliar a situación do centro en relación á innovación e as TIC para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o plan dixital coma un recurso clave para a planificación da estratexia dixital deste IES.

### 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste plan dixital foi organizado a partir do PFPP no que está inscrito o centro, dentro dunha liña de traballo específica para o Plan Dixital. En primeiro lugar, nomeouse a un equipo de traballo formado por: o director (Fernando Ángeles Pérez – Lozao Rodríguez), xefa de estudos diúrnos (Marta Vidal Salomón), xefe de estudos nocturno (Antonio Valén Fernández), o secretario (José Manuel Martínez Lamas), unha das profesoras da materia de tecnoloxía (Fátima

Veiga Teijeira) e a vicedirectora (Olalla Aldazábal Elías), sendo esta última a coordinadora do equipo.

Ao mesmo tempo, ademais do CFR de Vigo, o equipo de traballo do Plan Dixital estivo asesorado en todo momento por ADIX Tui, especialmente por Jacob Seijas, profesor do IES Ribeira do Louro de Porriño. Dende a plataforma ADIX seguimos o plan de traballo que se nos propuxo:

- Realización por parte do profesorado, alumnado e equipo directivo da enquisa SELFIE
- Explicación ao equipo de traballo sobre como valorar os resultados da enquisa a través de video – conferencia.
- Elaboración dun informe DAFO, cunha análise, reflexión e valoración dos datos sobre a dixitalización do noso centro extraídos do SELFIE.
- Participación do equipo de traballo nunha video – conferencia onde nos explicaron como plantexar os obxectivos de cara a elaboración do plan de acción, a partir dos datos extraídos do SELFIE e do DAFO.
- Deseño do plan de acción a partir das debilidades e ameazas detectadas no informe DAFO.
- Redacción final deste plan dixital, no que se inclúe todo o anterior.

Paralelamente, dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, animouse ao profesorado do noso centro a participar nunha enquisa sobre Competencia Dixital Docente. Os resultados desta enquisa tamén se recollen nas liñas de actuación deste plan dixital.

## **2. Situación de partida**

### **2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

#### **Dotación tecnolóxica**

O centro conta con tres aulas de informática (INFO 1, INFO 2, INFO 3), e agás INFO 1 (aula de informática de Comercio), as demais son de uso case exclusivo do profesorado de Tecnoloxía que imparte clases en ESO e Bacharelato. Destas tres aulas, tan só INFO 3 presenta certa dispoñibilidade horaria. As horas libres desta aula poden ser solicitadas polo resto do profesorado nunha plantilla semanal que está visible na Sala de profesores/as. A pouca dispoñibilidade horaria das aulas de informática débese a que as aulas de informática non son demasiado grandes e hai unha ampla demanda da asignatura TIC, ata o punto de que en todos os niveis onde se imparte esta materia debemos facer un desdobre para que o alumnado poida utilizar cadanseu ordenador ou equipo informático.

As aulas específicas de Tecnoloxía (ESO e Bacharelato) contan con ordenadores de mesa conectados a Internet para uso do alumnado. Actualmente hai 12 ordenadores en cada unha das aulas.

A Biblioteca do noso centro conta con tres ordenadores portátiles con conexión a Internet para uso do alumnado. Dende o curso pasado, debido á COVID, a Biblioteca e outros departamentos (Lingua Galega e Literatura) mercaron *tablets* para emprestar ao alumnado en caso de confinamento.

O IES Indalecio Pérez Tizón posúe catro pavillóns: A, B, C, D. Todas as aulas dos pavillóns A (agás nas aulas específicas: debuxo, plástica, laboratorios de física e química) e D dispoñen de pizarra dixital, así como en tres das aulas do pavillón B (concretamente, as do ciclo superior de comercio e 3º PMAR). O único pavillón no que se carece deste dispositivo é o C, onde se atopan as aulas de electricidade (aulas técnicas e talleres), biblioteca e aulas específicas (tecnoloxía e música). En total, hai dezanove encerados dixitais en funcionamento.

A fin de solventar a brecha dixital, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotou ao centro de 35 ordenadores portátiles con conexión router inalámbrica para emprestar ao alumnado que carece de medios dixitais na súa casa.

Todas as aulas do centro, incluídas as específicas, contan cun ordenador de mesa ou portátil para uso do profesorado e proxector.

Nas salas de profesorado (actualmente dous, debido ao protocolo COVID) hai ordenadores con conexión a Internet e a varias impresoras (dúas dentro da propia sala de profesores/as e ás dúas de conserxería).

Por último, todos os membros do equipo directivo así como o persoal de administración contan con ordenador, impresora e conexión a Internet.

### Conectividade

Todo o centro ten conexión a internet a través de fibra óptica, polo que a conectividade é boa ou moi boa.

### Plataformas e servizos dixitais

As plataformas e servizos dixitais máis empregados pola meirande parte do profesorado son os recomendados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: páxina web ([www.edu.xunta.gal/centros/iesindaleciopereztizon](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesindaleciopereztizon)), aula virtual (*Moodle*) e espazoABALAR.

O contacto coas familias desenvólvese presencialmente, vía telefónica ou telemática (correo electrónico corporativo). Dende o curso 2020-2021, a causa da pandemia, quedou excluída a presencialidade (salvo en casos excepcionais) e obrigouse ás familias a darse de alta no servizo Abalar Móbil, especialmente para o uso da mensaxería.



O emprego maioritario de ferramentas dixitais aconselladas pola Consellería de Educación non significa que non se utilicen outros recursos web: hai profesores/as, e mesmo equipos e departamentos docentes (biblioteca, normalización lingüística, comercio, igualdade) que usan ferramentas de *google* (por exemplo, *blogger* ou *google sites*). Os blogs creados por estes departamentos e equipos didácticos están enlazados á páxina web do centro. Do mesmo xeito, o departamento de comercio emprega a ferramenta informática google class, posto que a meirande parte do seu alumnado é maior de idade.

Doutra banda, este instituto tamén participa nas redes sociais (*Facebook*, *Twitter*, *Instagram*), tanto a nivel xeral, como a nivel departamental (biblioteca, comercio...).

### Mantementos dispoñibles

Mantemento de equipos informáticos.

O mantemento de equipos informáticos é desenvolvido fundamentalmente por persoal do centro, particularmente, polo actual secretario (José Manuel Martínez Lamas) e polo profesorado de tecnoloxía que forma parte do equipo TIC do centro (José Lemos).

Por outra banda, os equipos que contan con sistema operativo Linux son xestionados por unha empresa externa, o mesmo que os equipos de Windows que pertencen ao departamento de Comercio, se ben se trata doutra empresa distinta.

Mantemento de ferramentas dixitais.

O mantemento de ferramentas web tamén depende única e exclusivamente do profesorado do centro:

Aula virtual: o profesor Xosé Lois Refoxos e a profesora Fátima Veiga.

- Páxina web: a vicedirectora, Olalla Aldazábal.
- *Facebook*, *Twitter*, *Instagram* do Indalecio Pérez Tizón: a vicedirectora, Olalla Aldazábal.
- Blog de biblioteca: coordinadora do equipo de biblioteca, Sonia Pereiro Cuenya.
- Instagram de biblioteca: coordinadora do equipo de biblioteca, Sonia Pereiro Cuenya.
- Twitter de biblioteca: a profesora Miriam Burgos.
- Blog e *Facebook* de orientación: xefa do departamento de Orientación, Manuela Álvarez.
- Blog de comercio: un profesor do departamento de comercio, Daniel Álvarez Fonterosa.
- Blog de normalización lingüística: a coordinadora de ENDL, Tania Conde.
- Blog de igualdade: a vicedirectora, Olalla Aldazábal.

### Ligazóns a protocolos do centro relacionados coas tecnoloxías dixitais:

Os protocolos do centro relacionados coas TIC son:

- [Plan de Continxencia](#)
- [Materiais didácticos ALFIN](#) (Aula Virtual da Biblioteca Aloia).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.		3,4	2,8	2,9	
	Profesorado		2,5	3,3	2,6	
	Alumnado		Non consta	Non consta	Non consta	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.		3,0	2,6	2,8	
	Profesorado		2,0	2,6	2,7	
	Alumnado		2,5	2,5	2,5	
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.		3,8	3,5	3,6	
	Profesorado		2,9	3,2	3,0	
	Alumnado		2,7	2,5	2,9	
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.		3,1	2,9	3,1	
	Profesorado		2,7	3,2	2,5	
	Alumnado		Non consta	Non consta	Non consta	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.		4,0	4,2	4,1	
	Profesorado		3,8	4,1	3,8	
	Alumnado		3,3	3,5	3,5	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.		3,4	3,1	3,5	
	Profesorado		2,7	3,3	3,4	
	Alumnado		2,5	2,5	3,1	
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.		2,7	2,7	3,0	
	Profesorado		2,6	3,2	3,1	
	Alumnado		2,3	2,1	2,8	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.		2,7	2,7	3,1	
	Profesorado		2,7	3,0	3,4	
	Alumnado		2,6	2,5	2,8	

### 2.2.1. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	23	39	59%
<b>INTERINO</b>	10	12	83,3%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%
<b>PROVISIONAL</b>	7	8	87,5%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	3	33,3%

### 2.2.2. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>FP</b>	73,3	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	80,4	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	79,5	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>ESA</b>	70	Integrador/a (B1)	75,9	Integrador/a (B1)

### 2.2.4. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>Principiante (A1)</b>	1	2,4%
<b>Explorador/a (A2)</b>	13	31%
<b>Integrador/a (B1)</b>	20	47,6%
<b>Experto/a (B2)</b>	8	19%
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	42	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<p>Existen dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. Facilitase o acceso a Internet para o ensino - aprendizaxe.</p> <p>O noso centro conta con sistemas de protección de datos. Existen dispositivos dixitais que son propiedade do centro e que están xestionados por el e que o alumnado pode empregar.</p> <p>Poseemos e administramos dispositivos dixitais portátiles que o alumnado pode levar a casa se é necesario.</p>	<p>Falta de tempo no horario laboral do profesorado para un axeitado mantemento das aulas de informática.</p> <p>Existencia de equipos informáticos obsoletos.</p> <p>Existencia de alumnado que, voluntaria ou involuntariamente, fai un uso incorrecto e/ou inaxeitado dos equipos informáticos.</p> <p>Escaseza de aulas de informática no centro, especialmente para o alumnado de ESO e Bacharelato.</p> <p>No noso centro non hai asistencia técnica cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>Comunicación ineficaz entre equipo directivo e o resto da comunidade escolar, en tanto que nin profesorado nin alumnado sabe que contamos con dispositivos portátiles que se poden prestar ao alumnado para uso educativo tanto dentro como fóra do centro.</p> <p>Non hai suficientes medidas para identificar os retos que xurden coa aprendizaxe mixta.</p> <p>Non contamos cun plan para axudar ao profesorado a abordar os retos que xurden coa aprendizaxe mixta.</p> <p>Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino-aprendizaxe.</p>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<p>O profesorado ten acceso a posibilidades de desenvolvemento profesional continuo no relativo a tecnoloxías dixitais.</p> <p>O centro conta cun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), con diversas liñas de formación, entre elas, a actualización no uso de ferramentas da Aula Virtual e aproveitamento de ferramentas da Aula Virtual.</p> <p>Dende o centro promóvese a participación do profesorado en actividades formativas organizadas pola Administración Educativa para actualizar as competencias dixitais do profesorado.</p> <p>O centro promove a creación e adquisición de coñecementos a través dunha PFPP.</p> <p>O profesorado busca e crea recursos dixitais en liña.</p> <p>O profesorado emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para comunicacións relativas ao centro educativo.</p> <p>O profesorado emprega recursos educativos de tipo dixital abertos.</p> <p>O profesorado usa tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino a necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>Non se debate sobre vantaxes e desvantaxes do ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non avaliamos os nosos progresos en materia de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non hai debates no claustro sobre as súas necesidades de desenvolvemento profesional continuo.</p> <p>O profesorado non dispón de tempo para explorar novas formas de aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, nin se sente apoiado por parte do equipo directivo e/ou administracións educativas para desenvolver dita exploración.</p> <p>O profesorado non soe usar tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.</p> <p>O profesorado non realiza actividades de aprendizaxe significativa de tipo dixital.</p> <p>O profesorado non emprega con frecuencia as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración co alumnado.</p> <p>Non é habitual que o profesorado fomente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares usando as tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado non usa tecnoloxías dixitais para avaliar capacidades do alumno/a.</p> <p>O profesorado non facilita que o alumnado use tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>O profesorado non usa datos dixitais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe.</p> <p>O profesorado non valora habilidades dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro.</p> <p>O equipo directivo non contribúe a usar tecnoloxías dixitais con fines de avaliación.</p> <p>O profesorado non usa tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ao alumnado.</p> <p>O profesorado non usa tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa experiencia de aprendizaxe.</p> <p>O profesorado non soe empregar tecnoloxías dixitais para que o alumnado realice observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros/as.</p> <p>Unha porcentaxe ampla do profesorado considera que a súa competencia dixital é insuficiente.</p>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		<p>Conserxería conta cun ordenador portátil obsoleto. Este dispositivo non está conectado a ningunha fotocopiadora nin a Internet.</p>
	<b>ALUMNADO</b>	<p>O noso alumnado recibe formación dende o propio centro e dende institucións externas (Plan Director) para realizar un uso responsable de Internet e para actuar na rede de forma segura.</p>	<p>O noso alumnado non aprende a facer un uso responsable de Internet.</p> <p>Xeralmente, o noso alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse con tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non nos aseguramos de que o alumnado desenvolva</p>

		<p>habilidades dixitais para diferentes materias.</p> <p>O noso alumnado non aprende a actuar de forma segura en Internet.</p> <p>O noso alumnado non aprende a comprobar se a información que hai en Internet é fiable e precisa.</p> <p>O noso alumnado non aprende a dar crédito ao traballo de outras persoas.</p> <p>Os nosos alumnos/as non aprenden a resolver problemas técnicos que xurden ao usar as tecnoloxías dixitais.</p> <p>Polo xeral, o noso alumnado non aprende a programar nin a codificar.</p> <p>O alumnado percibe que a competencia dixital do profesorado é insuficiente.</p> <p>Unha porcentaxe ampla do profesorado considera que a competencia dixital do alumnado é insuficiente.</p>
<b>FAMILIAS</b>		Baixa competencia dixital dalgunhas das familias.
<b>OFERTA</b>	Temos posibilidade de colaborar con outros organismos (como o concello de Tui ou o CFR de Vigo) para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais, en tanto que xa colaboramos con estes noutros aspectos didácticos.	
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>O noso centro respalda o ensino - aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>No centro respétanse os dereitos de autor e as licencias de uso.</p> <p>O centro emprega servizos dixitais corporativos para difundir informacións e para o ensino virtual.</p> <p>En xeral, a comunidade educativa pode atopar a información que precisa na páxina web do centro.</p> <p>O profesorado é quen de facer un seguimento do alumnado a través da Aula Virtual.</p> <p>Toda a comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) fai uso do servizo Abalar Móbil.</p> <p>O profesorado ten certa experiencia no ensino en entornos virtuais.</p>	<p>O equipo directivo non contribúe a intercambiar experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro non existe ningunha estratexia dixital.</p> <p>É minoritario o número de docentes que teñen coñecementos técnicos cos que poidan resolver os problemas que xurden coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non toda a comunidade escolar atopa a información que precisa na web do centro.</p>

	<b>EXTERNOS</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	A preocupación da Administración Educativa por mellorar as TIC no ensino.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	As últimas reformas educativas (xa dende a LOE) van encamiñadas a fortalecer a competencia dixital do alumnado en todas as etapas da súa aprendizaxe.	
	<b>CONTORNA</b>	<p>Case ningún membro do profesorado nin do alumnado precisa dun software de pago para realizar o seu respectivo traballo dende a súa casa.</p> <p>A mínima porcentaxe de alumnos/as que recoñecen ter problemas de acceso a dispositivos dixitais e a Internet fóra do centro.</p>	<p>O alumnado usa en casa as tecnoloxías dixitais maioritariamente para o ocio. O uso das TIC para a aprendizaxe é minoritario.</p> <p>Unha porcentaxe significativa de alumnos/as, sobre todo das primeiras etapas da ESO, emprega as redes sociais e as tecnoloxías dixitais con fins ilícitos (bullying, difamacións, divulgación de imaxes e vídeos non autorizados...).</p> <p>O alumnado tende a distraerse cando ten que usar recursos dixitais nos seus estudos.</p>
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<p>Boa disposición doutras institucións, como o Concello de Tui, para contribuir ao desenvolvemento de actividades que favorezan o enriquecemento formativo do alumnado.</p> <p>Boa disposición doutras institucións, como o CFR de Vigo, para contribuir ao desenvolvemento de actividades que favorezan o enriquecemento formativo do profesorado.</p>	

## 3. Plan de Acción

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se desenvolverán estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, conectividade, plataformas e servizos dixitais, e o mantemento necesario), e, por último, á análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado.

Partindo deste mapa inicial diagnóstico, fixéronse os obxectivos deste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

As liñas prioritarias de actuación abranguen ás áreas de infraestrutura e equipamento tecnolóxico, á organización de centro e á pedagogía (recursos e implementación da dixitalización na aula). Este plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira. Durante este curso 22-23 se prestará especial atención á formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo measurable, realista, planificado, avaliabile e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final de curso.

#### a) **INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO.**

**Obxectivo:** actualizar os equipos informáticos de INFO – 3.

A maioría dos dispositivos dixitais do noso centro son anteriores a 2014. Particularmente importante, dado o uso maioritario que se lle dá á aula de informática INFO – 3, é actualizar estes equipos informáticos. O obxectivo é conseguir que, ao finalizar o ano académico 22-23, teñamos actualizados o 50% destes equipos.

Na situación actual INFO – 3 é a aula de informática máis solicitada e utilizada pola maior parte do profesorado, porque, por capacidade, é a que posúe maior número de dispositivos dixitais (ordenadores de mesa) e é a que presenta maior dispoñibilidade no horario.

Un dos problemas que presenta esta aula é que os devanditos dispositivos dixitais son anteriores a 2014 e requiren de moita atención por parte dos dous profesores encargados do mantemento de INFO – 3. Estes docentes moitas veces non teñen tempo suficiente para arranxar todos os problemas que se xeneran nos ordenadores, e, cando se vai utilizar a aula, é frecuente que haxa varios equipos que non funcionen.

Por iso, unha das liñas de actuación que consideramos prioritarias é actualizar os ordenadores desta aula, polo menos nun 50% ao rematar o curso 22-23. O resto dos ordenadores serían actualizados para o ano académico 23-24.

Os encargados desta tarefa serían o coordinador do equipo TIC do noso centro (José Lemos Jorge) e o secretario do IES (José Manuel Martínez Lamas). Estes profesores realizarán unha diagnose do estado dos ordenadores da aula, solicitarán os equipos que sexan pertinentes e instalarán o software nos mesmos. En principio, cara a finais do segundo trimestre do curso 22-23 a metade dos ordenadores de INFO 3 deberían estar actualizados.

## b) **PEDAGOXÍA: RECURSOS E IMPLEMENTACIÓN NA AULA.**

b.1. **Obxectivo:** crear recursos dixitais docentes para empregar na práctica educativa na Educación Secundaria Obrigatoria.

Segundo os datos obtidos no SELFIE, na actualidade o profesorado e alumnado deste IES considera que non hai recursos de creación propia na práctica docente: son excepcionais os casos nos que un profesor/a crea os seus propios recursos dixitais. Dedúcese dos resultados desta enquisa que isto ven motivado por un desenvolvemento profesional continuo ineficaz.

Para solventar isto, cremos necesario solicitar na PFPP do seguinte curso unha liña de formación sobre creación de recursos educativos dixitais. Así pois, en setembro informárase ao claustro desta posibilidade e, de haber persoas interesadas en recibir esta formación, solicitarase esta liña de traballo na PFPP do curso 22-23 e nomearase a unha persoa coordinadora da mesma. O obxectivo final é, que ao longo do seguinte curso (outubro – xuño) crear ata 6 recursos dixitais e conseguir implementalos na aula.

b.2. **Obxectivo:** proporcionar ferramentas ao alumnado para aprender a diferenciar na web a información veraz.

Un dos aspectos que é imprescindible traballar co noso alumnado é a búsqueda e selección de información, que aprendan a localizar as páxinas e contidos fiables. Nos últimos anos estamos a detectar que confían e dan por veraces calquera noticia ou dato que aparece publicado na web ou nas redes sociais, o que, segundo sexa o caso, incluso pode ser perigoso.

A primeira acción a desenvolver é crear un decálogo de pautas que axuden ao alumnado a acudir a páxinas web ou redes sociais confiables, e, a continuación, deseñar e levar ás aulas unha actividade de búsqueda de información na que apliquen este decálogo, comparando a información aportada por unha páxina/rede social fiable coa que aportan outras máis cuestionables. Para desenvolver esta actividade é preciso que o coordinador/a de Biblioteca elabore un decálogo ALFIN de boas prácticas de investigación, que o equipo TIC deseñe a actividade e que os titores/as leven á práctica esta tarefa, de modo que, cumprir con este obxectivo abranguería, probablemente, dende outubro ata xuño.

b.3. **Obxectivo:** informar e concienciar ao alumnado da necesidade de empregar as redes sociais con responsabilidade.

Unha das problemáticas que nos atopamos co alumnado do noso IES é o uso ilícito das redes sociais: dende os primeiros niveis da ESO, os alumnos/as intercambian por Whatsapp, Instagram ou TikTok pornografía, mensaxes fascistas, imaxes/grabacións non autorizadas, insultos e vexacións entre compañeiros/as, mesmo contra persoas alleas á esta comunidade escolar. Tal é a nosa preocupación que xa ao longo do curso 21-22 solicitouse o Plan Director, grazas ao que profesorado, alumnado e familias foron informados pola Guardia Civil dos perigos que se agochan nas redes sociais e dos delitos que se cometen, ás veces por descoñecemento.

Así, e como primeira acción a realizar en outubro, durante o próximo curso escolar volverán solicitarse estas charlas por parte do equipo directivo para o alumnado e familias de nova incorporación (1º ESO e 1º Bacharelato), e como segunda e terceira acción proporase aos titores/as que traballen con todo o alumnado do centro a análise e reflexión de mensaxes reais enviadas a través de diferentes redes sociais, tanto propias como doutras persoas.

A temporalización desta actividade é difícil de determinar con antelación, posto que hai que ter en conta a dispoñibilidade da Guardia Civil para desenvolver as charlas. A previsión é que antes de rematar o segundo trimestre o obxectivo (realizar tres actividades sobre o emprego das redes sociais) quede cumprido.

### c) ORGANIZACIÓN DE CENTRO.

**Obxectivo:** mellorar a visibilización e organización de contidos na páxina web.

A situación actual do centro, segundo desvela a enquisa, é que hai persoas da comunidade escolar (profesorado, alumnado e familias) que non atopan con facilidade certas informacións na páxina web do centro.

Consideramos prioritario ter a información debidamente ordeada, etiquetada e publicada, a fin de converter a páxina web nunha canle de comunicación eficaz con toda a comunidade escolar.

Para isto, dende vicedirección levaranse a cabo tres accións clave: realizar unha enquisa entre toda a comunidade escolar para determinar que contidos son “ocultos” ou resultan máis difíciles de atopar. Unha vez localizados, crearanse todos os bloques de contidos, termos e/ou categorías necesarias para mellorar a visibilización na web das informacións relativas ao noso IES. Por último, pediráselle a toda a comunidade escolar cubrir unha nova enquisa na que valore os cambios realizados.

Pensamos que ao longo do primeiro trimestre pódese lograr este obxectivo.



### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

O primeiro obxectivo formulado dentro deste plan dixital para mellorar as infraestruturas do noso centro de cara o curso 22-23 é actualizar os equipos informáticos de INFO-3. Así, precisamos acadar 15 equipos informáticos completos.

Doutra banda, un dos problemas co que nos atopamos no centro é a falta de aulas e de espazos. Tendo en conta o cambio lexislativo en educación, coa consecvente maior carga horaria lectiva do departamento de tecnoloxía, vai ser máis difícil para o resto de departamentos poder levar ao alumnado a INFO-3.

Por este motivo, precisaríamos:

- Convertir a actual aula de tecnoloxía da ESO nunha aula de Tecnoloxía Dixitalizada, dotándoa de 25 equipos informáticos con conexión a Internet para o alumnado, coa conseguinte instalación do cableado e rede nesta aula. Deste xeito, liberaríase o uso de INFO-3 e podería ser empregada esta nova aula informatizada por outros departamentos cando esta estivese baleira.
- Adquirir 30 equipos portátiles con router inalámbrico e, alomenos, un carro ou armario de carga, destinado ao uso interno do centro, de xeito que o profesorado que precise ordenadores para unha ou varias sesións poida, solicitude previa, contar con estes equipos e distribuilos entre o alumnado na aula.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:		ÁREA C - Infraestrutura e Equipamento.				
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Actualizar os equipos informáticos de INFO-3.			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora Equipo Dinamización TIC.			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de equipos de INFO-3 con hardware actualizado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0% de equipos de INFO-3 con hardware actualizado.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% de equipos de INFO-3 con hardware actualizado.			15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A01.1:</b> Determinar as necesidades de cada equipo de INFO-3.	Coordinadora Equipo Dinamización TIC.	1/11/2022	Equipos de INFO-3.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2:</b> Solicitar os discos duros sólidos e ampliación da memoria.	Secretario do centro	7/11/2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3:</b> Instalar hardware nos equipos máis obsoletos.	Equipo Dinamización TIC.	15/12/2022	Hardware necesario. Equipos de INFO-3.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>“Área/s de mellora”:</b>						<b>ÁREA E - Pedagogía: Apoios e recursos</b>	
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de Educación Secundaria.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de Estudos.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP.						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos).						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	6 recursos dixitais creados por docentes.				31/01/22		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>		<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1:</b> Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.	Equipo directivo. Coordinador PFPP.	30/10/2022	Material funxible (papel)			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2:</b> Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de ESO.	Xefatura de estudos. Coordinador PFPP.	22/12/2022	Dispositivo dixital (ordenador ou tablet)			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3:</b> Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo da ESO creados polo profesorado.	Administrador AV.	31/01/2023	Recursos creados			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”:</b>		<b>ÁREA F - Pedagogía: Implementación na aula</b>				
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de Educación Secundaria para analizar a fiabilidade da información.			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores/as			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de sesións lectivas adicadas (instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas).					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	4 sesións			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1:</b> Crear un decálogo de pautas elementais coas que diferenciar a información dixital veraz da falsa, incluíndo as das redes sociais.	Coordinador/a Biblioteca	30/10/22	Material funxible.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2:</b> Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade, aplicando o decálogo anterior.	Equipo Dinamización TIC.	30/11/22	Decálogo Dispositivo dixital (ordenador/ tablet...)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2:</b> Levar á aula os retos durante sesións lectivas.	Profesorado.	Curso 2022-2023.	Equipamento TIC. Conexión Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”:</b>						<b>ÁREA F - Pedagogía: Implementación na aula</b>					
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>		Informar e concienciar ao alumnado da necesidade de utilizar correctamente as redes sociais.						<b>Acadado</b>			
<b>RESPONSABLE:</b>		Xefatura de estudos						<b>Non acadado</b>			
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>		Número de actividades realizadas sobre o uso ilícito das redes sociais.									
<b>Valor de partida (3)</b>		1 actividade desenvolta sobre o uso lícito das RRSS									
<b>Valor previsto e data (4)</b>		3 actividades realizadas sobre o uso das RRSS				30/06/23					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>											
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>							
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>		<b>ESTADO (10)</b>					
<b>AO4.1:</b> Solicitar o Plan Director para o alumnado, profesorado e familias de 1º ESO e 1º Bacharelato	Dirección	30/10/22	Dispositivo dixital Conexión a Internet			<b>Realizada</b>					
						<b>Aprazada</b>					
						<b>Pendente</b>					
<b>AO4.2:</b> Realizar actividades de reflexión sobre o uso propio das redes sociais (Instagram e Whatsapp)	Titores/as	31/11/22	Teléfono móbil Conexión a Internet			<b>Realizada</b>					
						<b>Aprazada</b>					
						<b>Pendente</b>					
<b>AO4.3:</b> Análise de exemplos de usos ilícitos das redes sociais.	Titores/as	31/01/22	Dispositivo dixital Conexión a Internet Proxector e altavoces Material funxible			<b>Realizada</b>					
						<b>Aprazada</b>					
						<b>Pendente</b>					

<b>“Área/s de mellora”:</b>		<b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>				
<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a organización e visibilización de contidos da páxina web.			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Vicedirección			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de contidos que non son facilmente accesibles na páxina web.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% de accesibilidade a todos os contidos da páxina web.			15/12/22		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A05.1:</b> Realizar unha enquisa a profesorado, alumnado e familias para averiguar os contidos da páxina web que non resultan facilmente accesibles.	Vicedirección	30/10/22	Dispositivos dixitais (móbil, ordenador ou tablet). Conexión a Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2:</b> Crear bloques, categorías e termos para clasificar e clarificar a organización de contidos.	Vicedirección	15/11/22	Resultados da enquisa. Dispositivo dixital. Conexión a Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3:</b> Realizar unha nova enquisa para valorar a nova organización de contidos.	Vicedirección	15/12/22	Dispositivo dixital. Conexión a internet. Páxina web actualizada		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 4. Avaliación do plan

A avaliación deste plan dixital realizarase cun seguimento, tanto do desenvolvemento do plan como da consecución dos obxectivos formulados. Será a persoa responsable estipulada para cada obxectivo a que ditaminará se este foi acadado ou non.

Trimestralmente, a persoa responsable fará un seguimento do avance de cada unha das accións propostas para acadar os obxectivos propostos, e fará as modificacións oportunas (en canto a temporalización, axuste de indicadores...), que fará constar nas valoracións finais.

Na avaliación final, a persoa responsable indicará se o obxectivo foi realizado ou aprazado durante o curso 22-23 ou para o seguinte curso académico en función dos indicadores sinalados para cada un destes obxectivos. Así mesmo, fará constar nas valoracións finais as modificacións realizadas e as posibles propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

## 5. Difusión do plan

O plan dixital será dado a coñecer a través de diversas plataformas a fin de conseguir que chegue a toda a comunidade escolar:

- Este documento será remitido por correo electrónico a todo o claustro.
- O plan dixital será publicado na páxina web do centro: en documentos de centro e terá o seu propio bloque dentro da web.
- Comunicarase nas redes sociais do centro (Facebook, Twitter) a publicación do novo plan dixital.
- Enviarase unha mensaxe abalar ás familias, notificándolles a existencia deste plan dixital e a posibilidade de consultalo na páxina web do instituto.